

:: ENTREVISTA AO PRESIDENTE DA FUNDACIÓN SECRETARIADO XITANO

“É o momento de porse en garda coas garantías democráticas dos cidadáns europeos en España” e na nosa comunidade, “porque os dereitos de cidadanía que os ciganos teñen no Estado non son equiparábeis aos de ningún outro país do mundo”.

Santiago González Avión: “Galiza é onde menos garantías teñen os xitanos”

MARGA TOJO

“Non facemos expulsións colectivas, son só unha suma de expulsións individuais”. A elocuencia saía da gorxa do ministro de Inmigración francés, Eric Besson, recentemente iniciado o proceso de deportacións masivas da poboación xitana asentada no país, que cumpría onte un mes. O mércores estas expulsións individuais ascendían a 635. E ao finalizar agosto, o retorno de romanes aos seus países de orixe sumará máis de 950. Ademais, no que vai de ano Francia botou xa 8.000 ciganos –os últimos 300 saíron o xoves en voos desde a capital e desde Lyon–. París asegura que cumpre a legalidade; mais sobre iso ao que denomina “programa voluntario”, a ONU asegura que “ninguén accedeu libremente nin foi informado dos seus dereitos”.

Historicamente perseguidos, masacrados durante o Holocausto e nunca resarcidos, no 2007 Italia retomou a súa cruzada contra os xitanos. No 2010 é Francia, adalá da democracia europea. Estenderase a máis estados? Podería acontecer o mesmo aquí?


“A situación dos xitanos do Estado español é a mellor de Europa”. En Galiza viven máis de 9.000 cidadáns xitanos, distribuídos en 150 núcleos de poboación, nun total de 50 concellos. As sete grandes cidades albergan o 70% do total, que representan o 2% do colectivo xitano estatal e ao redor do 0,25% dos habitantes da comunidade. Segundo Santiago González Avión, presidente da Fundación Secretariado Xitano, “aquí non podería acontecer o mesmo que en Francia, porque o Estado español é o que máis protexe os dereitos dos xitanos”.

Cal é a súa valoración do que está a acontecer en Francia?

Nós cualificámolo como indignante e intolerábel.

Cre que Bruxelas está a tardar excesivamente en reaccionar ás expulsións masivas francesas, que está a ser demasiado permisiva? Si, aínda que nós somos conscientes de que Bruxelas non ten excesivos instrumentos para actuar en contra de Francia nesta cuestión. O que si que debería facer é algunha declaración política. No seu día, co de Italia saldouse, precisamente, coa convocatoria do primeiro cumio europeo dos xitanos.

En conxunto, Europa está a experimentar un retroceso nas garantías dos dereitos humanos?



O presidente da Fundación Secretariado Xitano, Santiago González Avión

No meu entender, é o momento de porse en garda, e non só con temas de xitanos, senón coas garantías democráticas que lles afectan aos cidadáns europeos.

Isto é novo ou é algo que acompaña historicamente á poboación xitana?

O precedente desta etapa histórica concreta é Italia. Que este país tomase esa postura de ultradereita coa poboación xitana, non era estranho.

Sapoño que non.

Cando Italia comezou a política de sinalar os xitanos, romaneses e doutras procedencias –en Italia hai moitos ciganos procedentes dos Balcáns, que saíron do país tras as guerras dos Balcáns de fin do século XX–. Eu vivín en Roma entre 1991 e 1993 e chegaban os xitanos da guerra entre Serbia e Croacia, e a medida que foron pasando as sucesivas guerras balcánicas foron saíndo xitanos da zona. En Italia foron tipificados de inmediato como delinquentes, de feito cometían pequenos roubos, vivían segregados e en condicións de exclusión moi fortes. Italia non ten medidas de inclusión nin para a comunidade xitana propiamente italiana nin para a que se incorpora de fóra. De todos é coñecido o déficit democrático italiano. Italia refúndase as leis electorais da república co obxecto de superar unha situación de enquistamento que procedía da posguerra e do pacto anticomunista –o obxectivo italiano é que os comunistas non puidesen gobernar– e iso non tiña sentido

despois da caída do muro e da modernización do partido comunista italiano que claramente era o máis moderado de todo o mundo como despois se demostrou co seu ingreso na internacional socialista. A refundación da república resultou un desastre por dous motivos: o que acaprou máis poder nesta etapa é un personaxe vinculado directísimamente coa corrupción existente na anterior etapa, Berculsoni fundara claramente o seu imperio á sombra de Bettino Craxi. Craxi morre no exilio e cunha importante cantidade de procesos xudiciais á súa contra se dedica Berlusconi se libra, co que se dedica a legislar cada vez que pasa polo poder para evitar ser investigado e que haxa o que os norteamericanos chaman conflito de intereses. Despois non podemos esquecer a deriva fascista do seu principal aliado, a Liga Norte, que se declaraba de ultradereita, coa nete de Mussolini. **Italia non se caracteriza polas súas garantías sociais.**

O que acontece é que, daquela, quen pensase que Italia ía ser unha excepción en Europa, estabase a equivocar. Ninguén pode dúbida da cualidade democrática de Francia, onde se estivo a piques de incriminar por un tema menor ao presidente da República de Jacques Chirac e non quixo que se fixese ningún movemento para evitalo, para que as cousas correnen ao seu favor. Francia está no outro extremo de Italia nas garantías democráticas, porque de feito o seu obxecto durante moito tempo foi evitar que a ultradereita ti-

vese lugar en calquera organismo de representación política. Por iso resulta extraordinariamente preocupante o que está a acontecer agora en Francia, porque se trata dun contaxio de políticas moi autoritarias e moi xenófobas dun país de moi laxa democracia a outro de indubidábeis raigames democráticas.

Pero Francia tamén adopta políticas de man dura e tívoa sempre cos cidadáns das ex colonias francesas. A man dura foi de feito, en parte o que conduciu á presidencia a Sarkozy.

Niso estou moi dacordo, pero a política de man dura francesa de Sarkozy, primeiro como ministro de Interior, e despois como presidente, aínda que é unha política de seguridade, férrea, se caracteriza moito por un principio republicano do que o que fai que a pague.

Si, París xa lle respondeu o venres á ONU que as expulsións se axustan á legalidade e que as medidas discriminatorias van en contra dos principios e valores franceses, co cal as acusacións eran falaces. Mais iso non foi o que apliquou cos cidadáns de segunda e terceira xeración das ex colonias, nin o que aplica agora. A intolerancia cara ás minorías étnicas ou culturais non é nova.

No caso da poboación de orixe magrebí de Francia non se toman medidas indiscriminadas contra eles, aínda que se usa a forza policial dunha maneira importante, pero principalmente contra os manifestantes. Non hai unha política de identificación

indiscriminada de cidadáns de orixe árabe. E cando falo de contaxio na política contra os campamentos xitanos é porque non se trata dunha política do que o que a fai a paga, senón de que: estas persoas viven ilegalmente no país e ímolos deportar, sen ter en conta que a orixe desta onda foi un enfrontamento entre un policía e un cidadán concreto no mes de maio. Resulta que a partir de aí comézanse a identificar a todos os xitanos que hai no país. Esa política non é francesa, senón que é unha política moi étnica e característica do modo de actuar italiano.

Hai cidadáns de primeira e países de segunda na UE?

Si, hai países, e non polas velocidades de integración senón polos dereitos de cidadanía. Se es sueco ou alemán tes uns dereitos de tránsito dos que careces se es romanés ou búlgaro, e isto é moi grave. A política de Sarkozy está a violar as directivas europeas de discriminación por orixe racial e asenta unha forma de proceder na que teñen máis valor as políticas nacionais sobre dereitos humanos e cidadanía que as europeas. Isto parécenos absolutamente preocupante.

E esa política podería contaxiarse tamén ao Estado español? Os xitanos que habitan aquí senten incerteza ou preocupación?

Non. Causa diferente é o que acontece en España e en Galiza, porque os dereitos de cidadanía que os xitanos teñen en España non son equiparábeis aos de ningún outro Estado do mundo. A situación comparativa é moito mellor porque outros países que teñen recoñecidos dereitos políticos da poboación xitana, como son a maioría dos países do Este de Europa, non obstante, esas declaracións non van seguidas necesariamente de políticas de inclusión social. Non che serve de moito ter un deputado ou dous, ou media ducia de deputados xitanos, como existe nalgún deses países ou incluso no Parlamento Europeo se non existen políticas de inclusión social ou se son claramente segregadoras. O recoñecemento dos dereitos en España é superior non só no marco xurídico senón sobre todo na efectividade das políticas de inclusión. Na lexislación francesa fálase de xitanos como des gens de voyage, porque o outro ten unha connotación étnica, e como tal xente de viaxe non teñen recoñecido o dereito ao empadronamento nun concello.

Pero pensamos no que pasan nos poboados chabolistas do Vao ou de Penaboa.

Iso foi moi preocupante. En Galiza prodúcese a maior exclusión

:: ENTREVISTA



residencial da comunidade xitana dentro do Estado español, onde hai maior número de xitanos en asentamentos chabolistas, moi vinculados no imaxinario colectivo coa delincuencia. No estudo que fixemos no 2006-2007 demostrábase que na inmensa maioría dos asentamentos da comunidade non teñen ningunha relación coa delincuencia e algúns teñen escasa relación coa marxinação. Os máis coñecidos, como eses que cita, teñen moito poder no imaxinario colectivo dos galegos. Os galegos non son capaces de borrar esta idea.

Detrás do termo inclusión non se agocha moitas veces o de asimilación?

Voulle pór un exemplo histórico. Nos países ex soviéticos, os cidadáns xitanos tiñan exactamente os mesmos dereitos e deberes que os demais, pero había unha política moi clara de aculturamento, de borrar a súa identidade cultural, e de asimilación aos patróns marxistas-leninistas. As políticas do Estado español no pasado eran tamén pretendidamente asimiladoras. Hoxe falamos máis de convivencia, de inclusión, de recoñecemento cultural.

"Os negros europeos", unha longa historia...

Niguen mellor que Isabel Fonseca para analizar a situación dos xitanos nos antigos países comunistas e na Europa poscomunista. Fíxoo en *Enterrádeme de pé*, que en castelán editou *Crónica*. "Os negros europeos", é o cualificativo que mellor os define segundo a autora, que relata a seguinte cronoloxía do desastre e o porqué do fracaso das políticas sociais. En Polonia, aínda que os xitanos constituían o 0,005% da poboación, "o problema xitano" considerouse unha "importante tarefa de Estado", e creouse unha Oficina de Asuntos Xitanos baixo a xurisdición do Ministerio de Asuntos Interiores; é dicir, da policía. Estivo funcionando até 1989. O plan formaba parte da moda febril de "productivización", que, coas súas disposicións ben intencionadas de asistencia social, impuxo en realidade unha nova cultura de dependencia aos xitanos, que sempre se opuxeron a ela. Acabaría adoptándose unha normativa similar en Checoslovaquia (1958), en Bulgaria (1958) e en Romanía (1962), ao tomar impulso a moda da asimilación forzosa. Mentres tanto, en Occidente empezou a imporse a tendencia lexislativa contraria, un nomadismo forzoso, pero con obxectivos idénticos. En Inglaterra, por exemplo, unha lei en 1960 convertía "facer un alto" nunha infracción punible para os "viaxeiros": o propósito era facerlles asentarse. "Os reformadores -escribe- estaban convencidos de que medidas dese xénero mellorarían notabelmente a vida difícil dos xitanos: a educación era a única esperanza para unha xente que vivía ' fóra da historia'; e o asentamento traería consigo a posibilidade dunha educación. Pero ninguén pensou nunca en preguntarlles aos propios xitanos. E esa é a causa de que fracasen todas as tentativas de asimilación".

Fala de recoñecemento cultural,

pero ningún coñece cal é a cultura do pobo xitano. Iso, entre outras cousas, fai que ao final carezan dos mesmos dereitos.

Máis ben carecen das mesmas oportunidades. A perda do idioma romaní entre eles é en España moito anterior a que se comezase a facer política social e incluso anterior ás políticas represivas das primeiras políticas de integración claramente asimilacionistas do século XVIII. En España a perda é anterior ao século XVIII.

Tampouco ningún se preocupa de impulsar a súa recuperación.

Pero digamos que foi unha estratexia vital dos romanís españois, non unha imposición directa. A principio do século XVI hai varias pragmáticas en contra do idioma dos xitanos, pero non no XVII, aínda que de novo si hai represión no XVIII, cando realmente xa se perdera. O resto de sinais de identidade mantéñese de maneira superior ao do resto de romanís europeos.

Para comezar a falta de elemento idiomático identitario.

Talvez. E no Estado español outra característica é que non son itinerantes.

É o único no que está asentados?

Non, pero nos países comunistas os asentamentos producíronse dunha forma moi asimilacionista e as novas políticas de vivendas expulsaron moitas veces os propios xitanos das súas casas e crearon campos de chabolismo. Ademais, agora, despois do comunismo, os dereitos non están en absoluto garantidos.

Retomando o tema idiomático, o que fala maiormente a poboación xitana de Galiza e de España é castelán. Cal é o contacto dos xitanos galegos co galego?

En determinados ámbitos é moi estreito. Os que están escolarizados teñen un dominio equiparábel ao do resto de mozos e mozas do país. Hai xitanos, incluso casteláns, que aprenderon o galego nas feiras itinerantes e mercados. Eu por exemplo, teño un compañeiro nacido e criado en Castela, que pode manter perfectamente unha conversa en galego. Pero os xitanos, que perden o romaní e están a perder o caló a unha velocidade xeneracional moi preocupante desde o punto de vista identitario, teñen unha enorme preferencia polo uso do castelán. O uso xeral do galego é por tanto, pequeno. Ademais, en Galiza hai xitanos galegos, casteláns e portugueses. E ultimamente tamén de Romanía.

Os que veñen de Romanía atopan nos galegos algunha empatía?

Hai xitanos en Galiza que están máis ideoloxizados e máis integrados no movemento xitano e son moito máis conscientes de que son romanís coma eles e de que hai unha comunidade de intereses europea e universal. Os que non están ideoloxizados amosan unha grande indiferenza. E tamén hai outros que son conscientes do que é ser xitano universalmente, da súa cultura, pero saben que parte dos estereotipos negativos vinculados cos xitanos se reforan cos romanís rumanos e marcan distancias. ●